

Cortar pola liña

II

certame
de

Mat-monólogos

O IES Monelos e o Boletín de divulgación matemática TTRACTIS convocan o II Certame de Mat-monólogos coas seguintes:

BASES

PRIMEIRA: Poderán participar todas aquelas persoas que o desexen, sen límite de idade.

SEGUNDA: Os participantes presentarán un guión cunha extensión máxima de mil palabras en lingua galega ou castelá. O tema deberá estar relacionado coas matemáticas. Deberán presentarse en formato DIN A4, por unha cara, a dobre espazo, con corpo de letra de 12 puntos e encabezados polo título.

TERCEIRA: Estabelécense catro categorías nas que o xurado designará un/unha gañador/a por categoría:

- ◆ Alumnado de primaria o primeiro ciclo de secundaria.
- ◆ Alumnado de segundo ciclo de secundaria e bacharelato.
- ◆ Persoas, en xeral, cun mínimo de 18 anos e sen límite de idade.
- ◆ Alumnado do IES Monelos.

O premio de cada unha das categorías consistirá nun bono para regalo, lotes de libros e/ou diversos regalos doados polas entidades patrocinadoras.

CUARTA: Os participantes poderán presentar ata un máximo de 3 guións pero só terán opción a un premio. A chegarase o guión sen asinar dentro dun sobre xunto con fotocopia do DNI ou Carnet escolar e unha folla cos datos persoais: nome, apelidos, idade, centro de ensino e curso, se procede, enderezo completo, teléfono e correo electrónico do/a autor/a e se está disposto/a, no caso de ser seleccionado, a defendelo ou delega nun alumno do centro, nun acto que se celebrará o 12 de maio (Día Escolar das Matemáticas) no IES Monelos.

Prégase o envío do guión ao correo electrónico:
matmonologos@gmail.com

QUINTA: O prazo de entrega dos relatos comeza o 15 de xaneiro e remata o 31 de marzo de 2009, ambos inclusive. Presentaranse no rexistro de entrada do IES Monelos ou enviarase mediante correo ao seguinte enderezo:

II Certame de Mat-monólogos
Departamento de Matemáticas
IES Monelos
Rúa Montes, 62
15009 A Coruña

SEXTA: Unha vez rematado o prazo, un xurado designado polo Departamento de Matemáticas, fará unha selección dos guións que serán defendidos en público. O xurado comunicará a selección dos guións aos autores antes do 24 de abril de abril de 2009. O xurado pode non seleccionar guión nalgunha das categorías se non se alcanza un nivel mínimo. A defensa farase, ben polo/a autor/a ben por un/ha alumno/a do IES Monelos, nun acto que se celebrará na Aula Xurxo Lobato do IES Monelos o martes, día 12 de maio de 2009 ante un xurado que se formará para a ocasión. Os premios poderán ser declarados desertos.

SÉTIMA: O Departamento de Matemáticas do IES Monelos resérvase a propiedade dos relatos premiados, así como os dereitos de publicación das obras premiadas nos medios que considere oportunos durante dous anos. Neste sentido o/a autor/a renuncia, durante este período de tempo aos seus dereitos de autor. Os relatos non premiados poderanse retirar no prazo de dous meses seguintes á entrega de premios.

OITAVA: A participación nesta convocatoria implica a aceptación das normas contidas nas presentes bases, así como a decisión do xurado que será inapelable.

A Coruña, xaneiro de 2009

MAT-MONÓLOGO

Dise do xénero dramático no que unha persoa reflexiona en voz alta facendo ver os seus pensamentos e emocións ao público, pero cunha temática relacionada coas matemáticas.

Pode ser sobre:

- unha personaxe da historia das matemáticas.
- o profesor que che inspirou, ou non.
- cando oiches a palabra logaritmo ou polinomio.
- sobre a Regra de Ruffini.
- cando che saen decimais nunha división.
- cando nas rebaixas non recordo como se aplican as porcentaxes.
- ou calquera outra experiencia coas matemáticas.

¡Conta a túa experiencia!



DEPARTAMENTO DE MATEMÁTICAS

IES Monelos

A Coruña

